



Curso "Aproximación á discapacidade intelectual ou do desenvolvemento"

RELATORAS	Rebeca Sevilla Muñiz, Pilar Villaverde Souto e Carmen Márquez López.	
ORGANIZA	Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.	
COORDINA	Eduardo Martínez Lamosa (G-4199)	
DURACIÓN	12 horas.	
DATA E HORARIO	Venres, 15 de outubro de 2021. De 17:00 a 21:00 horas. Sábado, 16 de outubro de 2021. De 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.	
MODALIDADE	En liña. Plataforma Moodle e ZOOM.	
PRAZAS	50	
PREZOS	Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de Psicoloxía, 13,00€ do máster ou doutoramento en Psicoloxía 26,00€ Psicólogos/as colexiados/as 26,00€ Psicólogos/as non colexiados/as 51,00€	
OBXECTIVO	<p>Adquirir formación teórica e práctica sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento en canto aos dereitos de igualdade, educación, autonomía, decisión, desenvolvemento persoal e participación na comunidade.</p>	

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso "Aproximación á discapacidade intelectual ou do desenvolvemento"

INSCRIPCIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a xornada formativa entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe de demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Para as tarifas de estudante achegarase copia da matriculación no curso actual.

Último día de inscrición: 8 de outubro de 2021.

RELATORAS

REBECA SEVILLA MUÑIZ

Licenciada en Psicoloxía e Máste en Asesoramento e Orientación Familiar pola Universidade de Santiago de Compostela. Posgrao en Enfermidade Mental e Alteracións da Conduta en Discapacidade Intelectual. Desde 2009, traballa na Asociación Autismo BATA. Ata 2020 como coordinadora da Rede de Vivendas con Apoio par persoas adultas con TEA e, na actualidade, como profesional de atención directa e responsable de "Benestar e ACP". Foi docente en diversos cursos e xornadas sobre saúde mental e benestar de persoas con discapacidade intelectual.

PILAR VILLAVERDE SOUTO

Diplomada en Educación Social e licenciada en Psicopedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde 2009, traballa na Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA). Foi docente de varios cursos sobre o envellecemento das persoas con discapacidade intelectual, así como de cursos sobre mellora da comunicación en consulta coas persoas con discapacidade. Ponente en diferentes xornadas e congresos sobre discapacidade intelectual e envellecemento.



Curso "Aproximación á discapacidade intelectual ou do desenvolvemento"

CARMEN MÁRQUEZ LÓPEZ

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Xestión de Prodesos de Desenvolvemento Organizacional pola Universidade de Valladolid. Cofundadora e Directora Técnica da área Infanto-Xuvenil de Autismo BATA. Vicepresidenta da Xunta Directiva e membro do comité científico dos congresos da Asociación Nacional de Profesionais do Autismo (AETAPI). Titular dos programas do Practicum de Pedagogía, Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Ourense, Logopedia e Psicoloxía. Ponente e diversos cursos, xornadas e congresos sobre TEA, apoio condutual positivo, etc.

PROGRAMA

Venres, 15 de outubro de 2021. De 17:00 a 21:00 horas:

"Dereito á igualdade e non discriminación. Dereito a saúde"

- Persoas con trastornos do neurodesenvolvemento: persoas con discapacidade intelectual e trastornos do espectro do autismo.
- Visión da persoa e dos apoios.
- Apoio ao longo da vida da persoa: necesidades diversas.
- Barreiras para a inclusión: actitudes e prexuízos, conductas que preocupan, procesos de saúde mental, etc.

Sábado, 16 de outubro de 2021. De 10:00 a 14:00 horas:

"Dereito á educación. Dereito a vivir con independencia e a formar parte da comunidade"

- Xestións para o acceso a recursos: recoñecemento oficial da discapacidade e recoñecemento da dependencia.
- Diferentes recursos do movemento de Plena inclusión: centros de educación especial, centros de día, centros ocupacionais, rede de vivendas, residencias, asistente persoal, respiro familiar, apoios en contextos naturais, avaliación e diagnóstico, ocio inclusivo.
- Rede de asesoramento en conduta.
- Principios básicos dos recursos do movemento Plena inclusión: dereitos, personalización, calidade de vida e papel activo na sociedade.
- Accesibilidade cognitiva: lectura fácil, sinalización.

Sábado, 16 de outubro de 2021. De 16:00 a 20:00 horas:

"Dereito ao desenvolvemento persoal e á toma de decisións"

- Principios metodolóxicos centrados na Persoa (Planificación Centrada na Persoa, Apoio Condutual Positivo, Benestar emocional, etc.).
- Principios metodolóxicos centrados na familia (Enfoque centrado na familia).
- Traballo en equipo (Coordinación socio-sanitaria).